



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito da Unión Europea

Materia	Dereito da Unión Europea			
Código	O03G081V01304			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	Sánchez Ramos, María Belén			
Profesorado	Jiménez Alemán, Ángel Aday Mosquera Casero, Jose Sánchez Ramos, María Belén			
Correo-e	bsanchez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O estudo desta materia permitirá ao estudante coñecer mellor a súa condición de cidadán europeo e, sobre todo, ampliará a súa comprensión da dimensión xurídica da Unión Europea. Isto último permitiralle constatar a importancia que pode alcanzar o dereito nos procesos de integración.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C37	CE45 - Coñecer a estrutura organizativa e institucional da UE, así como o Ordenamento xurídico comunitario e as súas fontes e incidencia no ordenamento nacional así como as súas relacións co ordenamento xurídico internacional
C38	CE46 - Ser capaz de manexar e interpretar o ordenamento xurídico comunitario
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

A finalidade desta materia é que o alumno conozca a súa condición de cidadano europeo e comprenda a dimensión xurídica da Unión Europea

A1	B1	C37	D1
A2	B2	C38	D3
A3	B3		D4
A4	B4		D5
A5			

Contidos

Tema	
Tema 1. Orixe e evolución histórica da Unión Europea	<ol style="list-style-type: none"> 1. Antecedentes históricos da UE 2. O proceso de profundización da UE: la revisión de los Tratados comunitarios 3. A adhesión de novos Estados
Tema 2. A especificidade do fenómeno comunitario fronte o ordenamento internacional	<ol style="list-style-type: none"> 1. Configuración xurídica: a UE como Organización Internacional 2. Valores, obxectivos e principios 3. O sistema de competencias
Tema 3. A especificidade do Dereito da Unión Europea fronte ó dereito interno (I)	<ol style="list-style-type: none"> 1. A integración europea no marco das formas de Estado 2. O "Dereito orixinario" da UE e o concepto de Constitución
Tema 4. A especificidade do Dereito da Unión Europea fronte ó dereito interno (II)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Bases constitucionais da pertencencia á Unión Europea 2. A pertencencia á UE e as súas consecuencias sobre o sistema constitucional de fontes do Dereito 3. A pertencencia á Unión Europea e as súas consecuencias sobre a organización territorial do Estado español
Tema 5. Sistema institucional da UE (I)	<ol style="list-style-type: none"> 1. Consideracións xerais: principios e medios 2. O Consello Europeo 3. O Consello
Tema 6. Sistema institucional da UE (II)	<ol style="list-style-type: none"> 1. O Parlamento Europeo 2. A Comisión 3. Outras institucións e órganos
Tema 7. Ordenamento xurídico da UE (I)	<ol style="list-style-type: none"> 1. O Dereito orixinario 2. O Dereito derivado 3. O proceso de formación do Dereito derivado
Tema 8. Ordenamento xurídico da UE (II)	<ol style="list-style-type: none"> 1. As relacións entre o Dereito da UE e os Dereitos internos dos Estados membros 2. Os principios de efecto directo, primacía e responsabilidade do Estado 3. Desenvolvemento e execución do Dereito da UE
Tema 9. Sistema xudicial da UE	<ol style="list-style-type: none"> 1. O Tribunal de Xustiza da UE: organización e funcionamento 2. Sistema de recursos ante o TJUE 3. A cuestión prexudicial: cooperación entre o TJUE e o xuíz nacional
Tema 10. A Aplicación do dereito da Unión Europea (I): Dereitos humanos e cidadanía europea	<ol style="list-style-type: none"> 1. O proceso de incorporación dos Dereitos no Dereito da UE 2. A Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea 3. A cidadanía europea
Tema 11. A aplicación do dereito da Unión Europea (II): As liberdades fundamentais do mercado interior	<ol style="list-style-type: none"> 1. O proceso de integración económica 2. A libre circulación de mercancías e capitais 3. A libre circulación de persoas e servizos
Tema 12. A Aplicación do dereito da Unión Europea (II): As políticas da UE	<ol style="list-style-type: none"> 1. As políticas comúns da Unión 2. As políticas compartidas da Unión 3. As políticas nas que a Unión dispón de competencias de cooperación, apoio, complemento ou axuda
Tema 13. Acción Exterior da UE: Política exterior e de seguridade común	<ol style="list-style-type: none"> 1. A personalidade internacional da UE 2. As competencias internacionais da UE 3. A Política exterior e de seguridade común
Tema 14. Espazo de liberdade, seguridade e xustiza: tutela xudicial e procesal na Unión Europea	<ol style="list-style-type: none"> 1. Proceso de constitución do Espazo de liberdade, seguridade e xustiza 2. Control de fronteiras, asilo e inmigración 3. Cooperación xudicial civil e penal 4. Cooperación policial en materia penal

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	19.5	22.5	42
Sesión maxistral	33	62	95
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	3	0	3
Resolución de problemas e/ou exercicios	0	10	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	Os traballos do aula centraranse na realización de diversas actividades onde o principal protagonista é o alumno. As actividades consisten basicamente, na resolución de casos prácticos así como a exposición de traballos no aula
Sesión maxistral	Nas sesións maxistrais presentarase e explicarase ao alumno os aspectos principais da disciplina

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Na sesión maxistral explicarase as cuestións fundamentais da materia. Calquera dúbida pode ser consultada tanto na aula como nos horarios de tutoría.
Traballos de aula	Nos traballos de aula o alumno aplicará os coñecementos adquiridos na sesión maxistral

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Os coñecementos adquiridos na sesión maxistral serán avaliados mediante unha proba escrita na que se exporán cuestións de desenvolvemento. As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o Curso 2016-2017 Resultado de aprendizaxe: A finalidade desta materia é que o alumno conozca a súa condición de cidadano europeo e comprenda a dimensión xurídica da Unión Europea	80	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C37 C38	D1 D3 D4 D5
Resolución de problemas e/ou exercicios	O traballo da aula valorarase en atención a dous criterios: por unha banda, os casos prácticos e traballos que sexan obxecto de exposición na aula, así como, por parte, mediante os traballos ou casos prácticos que deberán ser entregados ao profesor Resultado de aprendizaxe: A finalidade desta materia é que o alumno conozca a súa condición de cidadano europeo e comprenda a dimensión xurídica da Unión Europea	20	A2 A3 A5	B4		D1 D3 D4 D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

A impartición e avaliación desta materia é responsabilidade de dúas áreas de coñecemento a área de Dereito Constitucional e a área de Dereito Internacional Público.

-A área de Dereito **Internacional impartirá as leccións 1-2; 5-8 e 13**. Estas leccións impartiranse na primeira metade do primeiro cuadrimestre.

-A área **de Dereito Constitucional impartirá o resto do temario**, é dicir, **leccións 3-4; 9-12 e 14**. Estas leccións impartiranse na segunda metade do primeiro cuadrimestre

En canto á **avaliación final**, cada unha das áreas de coñecemento que participan na materia ten un peso proporcional á súa carga docente: Dereito Internacional 50% e Dereito Constitucional 50%. Cada área, á hora de determinar a súa nota, farao seguindo os criterios establecidos na metodoloxía, é dicir, 80% exame final e 20% traballos de aula.

En relación á proba ou exame final escrito, esta proba constará de dous partes, unha por cada Área de coñecemento. Cada parte farase en follas independentes, para que cada profesor poida corrixir o seu parte.

Para superar a materia é necesario obter un mínimo do 50% en cada parte. Só se sumará a calificación da avaliación continua si no exame teórico de cada parte se alcanza unha nota igual ou superior a 2,5 (sobre 4)

Os **alumnos que seguisen o sistema de avaliación continua e se sometan á segunda oportunidade de exame**, só terán que realizar a parte teórica, que consistirá en preguntas de desenvolvemento, posto que conservarán a cualificación obtida nos traballos na aula.

Os alumnos que non se sometan á avaliación continua, a proba a realizar constará de dous partes: a realización dunha proba escrita con cuestións de desenvolvemento así como a resolución dun caso práctico, exame que, en todo caso, representará o 100% da cualificación

O exame correspondente a Convocatoria "**Fin de Carreira**" desenvolverase igual que a modalidade de avaliación final

As datas de exame será as aprobadas en Xunta de Facultade para o curso 2016-2017

Bibliografía. Fontes de información

Mangas Martín, A y Liñán Nogueiras, D.J, **Instituciones y Derecho de la Unión Europea**, Última Edición,
Alcaide Fernández, J; Casado Raigón, R, **Curso de Derecho de la Unión Europea**, Última Edición,
Díez de Velasco, M (Coordinado por JM Sobrino), **Las Organizaciones Internacionales**, Última Edición,
Sánchez, Víctor, M (dir), **Derecho de la Unión Europea**, Última Edición,
Sobrino Heredia, J.M, **Textos para el estudio del Derecho Internacional Público, Derecho de la Unión Europea y el Derecho Internacional de los espacios**, 2016,
Sánchez Ramos, B (dir), **La Unión Europea como actor global. Algunas cuestiones analizadas desde el Tratado de Lisboa**, 2013,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Unión Europea, constitución e medio ambiente/O03G081V01913

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito internacional público/O03G081V01303

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito: Dereito constitucional I/O03G081V01103

Dereito: Dereito constitucional II/O03G081V01204